

Guía de procedimientos e servizos

TR807I - Fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación.

Forma presentación

Tramitación en liña

Presencial

Datos solicitude

Prazo de presentación: 19/07/2016 - 30/09/2016.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e o prazo xeral para a presentación de solicitudes das axudas deste programa finalizará o 30 de setembro de 2016.

Prazo de resolución: Tres meses

Sentido do silencio administrativo: Negativo

Documentación

- 1. As solicitudes, unha por cada tipo de axuda, deberán presentar nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde, unha para cada axuda solicitada, e deberán ir acompañadas do orixinal ou fotocopia compulsada ou cotexada da documentación, común e específica, que se relaciona.
- 2. As solicitudes de axudas deberán ir acompañadas da seguinte documentación común para todas as axudas:
 - a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante, só no caso de non dar autorización á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a consulta dos datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade, de acordo co disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro.
 - b) De ser o caso, poder suficiente da persoa representante e asinante da solicitude, para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.
 - c) Escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, de ser o caso.
 - d) Alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, unicamente no caso de que denegue expresamente a consulta telemática do IAE.
 - e) Memoria económica e descritiva do proxecto empresarial, asinada pola persoa representante da empresa, que deberá conter os datos de identificación e descrición da actividade, o currículo das persoas promotoras, o número de empregos creados e que estea previsto crear, os aspectos técnicos de produción e comercialización, o orzamento de investimento, o plan de financiamento que acredite a viabilidade da iniciativa empresarial, as medidas

de seguridade e saúde laboral e de prevención de riscos e a adecuación en materia de protección do ambiente segundo a localización e a actividade empresarial (segundo modelo anexo II).

f) Listaxe asinada, unha para cada axuda solicitada, coa relación dos investimentos e gastos, con indicación do importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas en firme ou pro forma, orzamentos e demais documentos xustificativos do investimento realizado ou que se vai realizar e da axuda solicitada, segundo o modelo anexo III desta orde.

Esta listaxe non será necesario presentala coa solicitude de subvención á xeración de emprego estable.

g) Se é o caso, documentos que acrediten a pertenza aos colectivos polos cales se solicita a subvención, certificación da concorrencia das circunstancias que determinen a pertenza aos colectivos en risco ou situación de exclusión social, ou certificado de discapacidade nos casos de recoñecemento fóra de Galicia ou que non autorizase a súa consulta no anexo I ou VI, segundo corresponda.

h) Documentación acreditativa de que se encontra ao día das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social e de que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que a persoa solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia.

• 3. Documentación específica:

a) Subvención á xeración de emprego estable:

- Declaración do número de empregos estables de carácter indefinido ocupados por colectivos beneficiarios e relación nominal deles con indicación da data de incorporación efectiva, onde se fagan constar os custos salariais de dúas anualidades de cada persoa traballadora por conta allea pola cal se solicita subvención, segundo modelo anexo IV desta orde.
- Documentos acreditativos da incorporación efectiva con carácter indefinido e altas no correspondente réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, en colexio profesional e mutualidade que corresponda.

b) Subvención para a formación.

- Memoria descrittiva do curso/actividade de formación solicitada en que consten, entre outros, a xustificación da súa necesidade para o desenvolvemento da súa función xerencial ou a relación directa coa actividade económica en que estea de alta a empresa.
- Certificación da entidade formadora en que consten, entre outros, os seguintes aspectos:
 1. Nome do curso/actividade.
 2. Lugar e datas de realización.
 3. Módulos que se impartirán e distribución temporal (número de horas).
 4. Prazo de inscrición.
 5. Número de prazos.
- Solicitude de inscrición ou matrícula no curso/actividade.
- No caso de estar realizando o curso, facturas e o seu correspondente xustificante bancario de pagamento; de non ser así, factura pro forma.

De conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 18.000 euros, prevista para o contrato menor no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, no suposto de prestación de servizos, a persoa interesada deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que se deberán achegar coa solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

c) Subvención para o inicio da actividade:

- Orzamento dos gastos necesarios para o inicio da actividade, con indicación daqueles a que se vai destinar a

subvención.

- Facturas e, no caso de estaren efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, na súa falta, facturas pro forma ou orzamentos expedidos polos provedores e acredores dos gastos necesarios para o inicio da actividade que se vaian ter en conta para o cálculo da contía da subvención.
- Declaración do número de empregos estables creados ou que se crearán ata o 30 de setembro de 2016 e relación nominal das persoas que os vaian ocupar, con indicación daquelas polas cales se solicita a subvención, segundo o modelo anexo IV.

d) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

- Libro de familia co nome das persoas titulares da familia e dos fillos e fillas menores de tres anos e nome, apelidos e número de DNI do cónxuxe, só no caso de non autorizar a súa consulta no anexo VI. De ser o caso, documentos acreditativos do carácter monoparental da familia.
- Documento acreditativo do custo da mensualidade da gardaría.
- Facturas e, no caso de estaren efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento das mensualidades xa aboadas na data da solicitude.
- As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

- A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

- Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.
- A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
- No prazo de presentación de solicitudes, se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último do mes.

A onde acudir

Se ten algunha dúbida técnica pode poñerse en contacto co servizo de atención cidadá no teléfono 012 ou enviando un correo a 012@xunta.gal

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO

SUBDIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO

Servizo de Emprego Autónomo
San Lázaro, s/n
15781
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981545625 / 981957590 Fax: 981544678
Email: secretaria-xeral.emprego@xunta.gal

Obxecto

Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2016 do programa de fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación.

A finalidade deste programa é xerar emprego estable para persoas desempregadas, principalmente entre a mocidade, os homes maiores de 45 anos e as mulleres, apoiando e dinamizando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, con especial atención aos concellos do rural galego.

O programa de fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación inclúe os seguintes tipos de axudas:

- a) Subvención á xeración de emprego estable.
- b) Subvención para formación.
- c) Subvención para o inicio da actividade.
- d) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas nesta orde as empresas privadas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, agás as persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas e sociedades laborais, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para cada tipo de axuda e nas cales concorran, na data do seu inicio de actividade, as seguintes circunstancias:

- a) Que sexan empresas de nova creación.
- b) Que sexan viables técnica, económica e financeiramente.
- c) Que xeren emprego estable para persoas desempregadas.
- d) Que teñan o seu domicilio social, fiscal e o seu centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Que sexan promovidas, como máximo, por cinco persoas e que entre os socios ou as socias promotoras non figure ningunha persoa xurídica.

f) Que a empresa teña un capital social máximo de 120.202 euros.

g) Que como mínimo o 50 % do seu capital social sexa de titularidade dos promotores e promotoras que sexan persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo na empresa.

2. Ademais, tamén poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde as empresas privadas que obtivesen a cualificación como iniciativa local de emprego (ILE).

Estas empresas, cualificadas previamente como ILE, calquera que sexa a súa forma xurídica, incluídos autónomos ou autónomas e as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, deben estar constituídas e ter iniciado a súa actividade no prazo máximo dun ano desde a notificación da resolución de cualificación ou, de ser o caso, no prazo que se estableza na resolución de cualificación, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para cada tipo de axuda.

A actividade desenvolta pola empresa debe coincidir coa do proxecto previamente cualificado como iniciativa local de emprego.

No caso de sociedades civís e comunidades de bens, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación.

3. No caso da axuda para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, poderán ser beneficiarias as persoas promotoras que cumpran os requisitos establecidos no artigo 11 desta orde.

Normativa

AUTONÓMICA

Orde do 27 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG nº 135 do 18 de xullo de 2016).

Acceda a este e a outros procedementos relacionados a través da guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia en <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>